



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE SOBER PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA DE POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DE PROENDOS (SOBER, LUGO) NA CAMPAÑA 2021.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

**DECLARA:**

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar co concello de Sober, o instrumento conxenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2021.

Que o instrumento conxenial ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Sober para a realización dunha actuación arqueolóxica de posta en valor do xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober, Lugo).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento conxenial que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O xacemento arqueolóxico de Proendos, sitúase no concello lucense de Sober, en concreto na parroquia de Santa María de Proendos, na contorna da súa igrexa parroquial.

Neste lugar, nunha ampla superficie chaira, tense constatado desde antigo a través de achados casuais e intervencións non sistemáticas a aparición de significativas evidencias materiais de adscrición romana.

A nivel de protección, este xacemento arqueolóxico ten a consideración de ben catalogado do patrimonio cultural de Galicia en base ao artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia xa que se atopa recollido no PXOM do Concello de Sober aprobado no ano 2013 (DOG núm. 75, do 18.04.2013) e no Plan Básico Autonómico de Galicia, aprobado polo Decreto 83/2018, do 26 de xullo (DOG núm. 162, do 27.08.2018), co código GA27059015.





Ante os interesantes resultados, nos anos 2020 e 2021 e tendo en conta os valores históricos e patrimoniais que posúe o xacemento arqueolóxico de Proendos (Sober, Lugo) como un dos fitos representativos da Galicia romana, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Sober consideran de interese continuar cos traballos arqueolóxicos no lugar coa finalidade de favorecer a súa investigación e posta en valor.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

